

*Acta da Asamblea Xeral do día 22 de agosto de 2016*

Sendo as 20:00 h do día 22 de agosto de 2016 damos comezo a Asemblea Xeral da ICM co seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Asuntos plenarios.
3. Rogos e preguntas.

Comezamos coa lectura do acta anterior e apróbase por unanimidade.

Dase conta por parte dos nosos concelleiros que na Xunta de Portavoces, do venres 19, tanto o PP como o PSOE amosan a súa disconformidade con que as adicacións sexan de diferente cuantía para o goberno e a oposición; polo que expónse nesta Asemblea o de equiparalas.

Logo de deliberar acéptase maioritariamente manter o acordo de goberno asinado entre os grupos que forman o goberno, por ser este xa froito dun consenso e acercamento de posicións distintas respecto das retribucións entre ICM, EU, e BNG e ó que se chega logo de ceder nas mesmas ata acadar un punto de encontro aceptable para tódalas partes. Non consideramos que os partidos que conforman a actual oposición pretendan impor o anterior acordo retributivo, onde ICM abstívose do mesmo pola súa radical diferenza no prantexamento que parte de que os grupos da oposición non perciban adicacións de ningún tipo. ICM cede para acadar o consenso, así como EU e BNG, mentres son tanto o PP como o PSOE quen permanecen inmoviles na súa idea.

En canto a rogos e preguntas:

- Proponse que no portal de transparencia se poidan publicar os informes técnicos de diferentes áreas.
- Fálase tamén do tema do circo, da actuación da Policía Local, e da Garda Civil que non podía actuar sen mandato xudicial.

Sen máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 20:50 h.